



## A CIG-Ensino non asinou o X convenio colectivo de centros de ensinanza privada regulada sen ningún nivel concertado

### *Consólidase a precariedade no sector*

**Coa desculpa da “postcrise” das patronais e coa complicidade de organizacións sindicais estatais, consólidase a precariedade no sector ao asinarse un convenio sen melloras laborais e que aumenta a perda de poder adquisitivo.**

O 22 de xuño de 2018, logo de 12 reunións da mesa de negociación, tivo lugar a sinatura do X Convenio Colectivo de Centros de Ensinanza Privada Regulada por parte das patronais ACADE e CECE e pola parte sindical USO, FSIE e FeSP-UGT (**BOE do 11/07/2018**). Desde o punto de vista social, tratouse de 12 reunións estériles, dado que **non se acadou nin unha soa mellora significativa, agás as adaptacións (obrigadas) á normativa actual**, sobre o texto anterior. Porén, **certifícase un novo “recorte” salarial co aumento da perda de poder adquisitivo** durante o período de sinatura do convenio ata decembro do 2020 (nin sequera aseguran o IPC real nun convenio do máis precario en salarios e tamén en condicións laborais no ensino regulado).

**Unha vez máis voltaron vender os traballadores/as nas mesas de negociación:**

- **O convenio asínase dende 2014 até decembro de 2020**, un período moi longo, e ademais sen melloras laborais e con perdas salariais moi preocupantes.
- **A Comisión Paritaria do convenio integrárase polos “asinantes” do mesmo** e non polos negociantes. **E a democracia?** Ou pasas polo aro ou quedas fóra da comisión!

**As táboas salariais asinadas**, sabendo que herdabamos unha perda de poder adquisitivo das táboas 2013 dun 3,6%, dende a sinatura do IX convenio, recollen:

- Os anos **2014–2015–2016–2017- CONXELACIÓN SALARIAL** (o 3,6% pasa a **6,3% acumulado de perda real de poder adquisitivo**). Unha auténtica venda de dereitos salariais á patronal!!
- **Suba do 0,75%**, sobre as táboas de 2013, para 2018, certificándose máis perda de poder adquisitivo, pois o IPC actual anda no 2,3%.
- **O 2% para 2019 e o 2,25 % para 2020**. Sen cláusula de revisión salarial alguna.

Estas novas táboas asinadas, por desgraza, corren o perigo de non ser cobradas por moitos dos /as traballadores/as aos que afecta este convenio (preto de 30.000), pois introdúcese unha **“Cláusula de Descolgue”**, totalmente abusiva e lesiva pola que as empresas con perdas de matrícula dun 5% ou máis, estarán exentas de aplicalas. **Moitos traballadores/as poden quedar conxelados até o 2021.**

Deste xeito, **mantense igual a xornada laboral** (sendo totalmente abusivas as **27 horas lectivas**), **as vacacións** (dentro do ensino regulado é o sector con menos vacacións), **os permisos e excedencias** (básicos, apenas mellora o E.T), a **incapacidade temporal...** E non se recolle nada sobre un plus de dispoñibilidade, nocturnidade, festividade, desprazamento por traballo, horas extras, horas lectivas e non lectivas... e outras moitas reivindicacións, que cando comezaron as negociacións todas as OO.SS formulamos na plataforma conxunta acadada, pero que quedaron en papel mollado ante esta actitude de pactismo e entreguismo sindical que non vos representa. Por todo isto, desde a CIG-Ensino queremos denunciar **a actitude doutras organizacións sindicais que, lonxe de defender os intereses dos/as traballadores/as a quen representan, acaban plegándose aos intereses das patronais**. Isto podería evitarse se, tal e como vimos demandando, fóssemos capaces de **negociar un Convenio Galego para o sector, contando co persoal afectado e tendo en conta as súas demandas e características propias.**